



Repsol busca talento industrial para o seu Complexo da Coruña

- O Complexo industrial ten abertas varias **vacantes para operadores/as de planta química** na Coruña.
- Repsol dispón dun **programa de prácticas remuneradas Talent Energy**, para que estudantes ou recentemente graduados de formación superior poidan adquirir experiencia.
- Esta semana o equipo da área de Persoas e Organización participou nas **Feiras de Emprego 45+ da Cámara de Comercio da Coruña e IFFE Business School**.
- A compañía ofrece a **oportunidade de traballar en proxectos industriais retadores** e de gran envergadura que converterán a refinería coruñesa nun polo multienergético.
- O centro industrial coruñés é desde hai 60 anos uno dos **grandes motores socioeconómicos en Galicia** coa xeración actual de máis de 630 empregos directos, máis de 1.000 indirectos e 3.000 inducidos.

Repsol aposta pola industria e busca a persoas que queiran sumar o seu talento ao equipo do Complexo Industrial da Coruña para que formen parte activa da transición enerxética.

A compañía, que se atopa actualmente en pleno proceso de transformación dos seus centros industriais en polos multienergéticos descarbonizados, ten abertas a día de hoxe **varias ofertas para operadores/as de planta química na Coruña**. Estas vacantes están dirixidas a titulados en Ciclos Formativos de grao superior na especialidade de Química Industrial, Mecatrónica Industrial, Mantemento electrónico, Automatización e robótica industrial, así como Sistemas electrotécnicos e automatizados.

Ademais, Repsol dispón dun **programa de prácticas remuneradas Talent Energy**, para que estudantes ou recentemente graduados de formación superior poidan completar os seus estudos, especializándose en distintas áreas á vez que teñen a oportunidade de adquirir experiencia, formándose con profesionais no sector enerxético.

Aposta polo emprego industrial

O complexo de Repsol na Coruña é desde os anos 60 un dos grandes motores de emprego industrial en Galicia coa xeración de máis de 630 empregos directos, máis de 1.000 indirectos e 3.000 inducidos. Este compromiso co emprego está reflectido non só nas cifras, senón tamén a través da súa colaboración e participación en iniciativas de entidades públicas e privadas que teñen como obxecto a procura de emprego e talento.



Esta semana o complexo industrial de Repsol na Coruña, estivo presente en **dous foros de emprego**, nos que o equipo da súa área de Persoas e Organización achegaron a oferta de talento e perfís polos que aposta a multienerxética ás máis de 400 persoas rexistradas na **Feira de Emprego 45+ da Cámara de Comercio da Coruña**; así como a todos aqueles que acudiron á **XIII Feira de Emprego IFFE Business School**.

E a principio de mes renovábase o **convenio marco de Formación Profesional (FP)** coa Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades. Unha colaboración que empresa e administración manteñen neste campo educativo e que foi ampliándose periodicamente desde o seu primeiro acordo en 1997.

Repsol, ofrece un **desenvolvemento profesional variado** e a oportunidade de sumarse ao equipo de máis de 630 persoas que traballan no seu complexo industrial da Coruña e ao de máis 25.000 en todo o mundo. E desde A Coruña brinda a oportunidade de traballar en proxectos industriais retadores e de gran envergadura de transformación industrial do Complexo, que será capaz de aumentar a produción de combustibles renovables e outros produtos de baixa pegada de carbono, levar a cabo proxectos de biometano e hidróxeno renovable, así como impulsar a eficiencia enerxética e circularidade nos seus procesos industriais.

Enlaces **ofertas web do Complexo industrial** <https://acoruna.repsol.es/es/index.cshhtml>

Enlace **Talent Energy** <https://www.repsol.com/es/empleo/estudiantes-practicas-y-primer-empleo/practicas-talentenergy/index.cshhtml>

Video [Y tú, ¿te unes a la transformación del complejo industrial de A Coruña?](#)